

Non te perdas cos teus datos! Claves para o goberno do dato en PEMES.



25.06.2024



10:30 – 11:30 H



STREAMING

Cal é o programa?

Os obxectivos marcados para este relatorio son os que seguen:

- › Desmitificar o concepto de goberno do dato para PEMES
- › Demostrar a Importancia do goberno do dato para PEMES
- › Presentar prácticas sinxelas e efectivas, ofrecendo exemplos prácticos e alcanzables de como implementar o goberno do dato nunha PEME. (Casos de uso).
- › Proporcionar ferramentas e recursos
- › Fomentar unha cultura do dato
- › Formas de financiamento

Quen imparte?

EDNON é unha empresa experta en servizos de Tecnoloxías e Sistemas de Información formada por Persoas con coñecementos avanzados en Tecnoloxías de Sistemas, Comunicións, Ciberseguridade e Analítica do dato, que posibilitan afrontar con garantías de Éxito os proxectos e servizos máis complexos nestes ámbitos.

Inscríbete!

Cando e onde?

25 de xuño de 2024

De 10:30 a 11:30 H

› **Streaming**

Para quen?

A través deste relatorio búscase proporcionar ás PEMES o coñecemento e as ferramentas necesarias para implementar un goberno do dato efectivo, mellorando así a súa competitividade e eficiencia operativa. O obxectivo final é empoderar a estas empresas para que poidan aproveitar ao máximo o valor dos seus datos, contribuíndo a un éxito sostible a longo prazo.

Por que?

Cando se fala sobre goberno do dato adoita relacionarse con grandes corporacións e cos xigantes tecnolóxicos e cando se introduce PEMES na ecuación hai un pensamento recorrente: "¿Goberno do dato? Iso é para empresas enormes con centos de empregados e datos por todas as partes ¡Nós somos unha pequena empresa, apenas manexamos algúns arquivos e follas de cálculo!"

Neste relatorio imos a desmitificar esa idea e moitas outras relacionadas co goberno do dato nas PEMES. Non se trata de implementar sistemas caros e complicados, senón de adoptar prácticas sinxelas e efectivas que poden marcar unha gran diferenza no futuro da empresa, dado que, é unha necesidade fundamental para calquer negocio, sen importar o seu tamaño.